




CANTIGA DE AMIGO

E

CANTIGA DE AMOR

PRINCIPAIS DIFERENZAS

Suxeito lírico

Na cantiga de amigo, o poeta fala a través dun **suxeito lírico feminino**.

Na cantiga de amor, o poeta fala a través dun **suxeito lírico masculino**.

Termos clave

Na cantiga de amigo, a palabra clave é o termo **amigo**, que adoita aparecer ao comezo.

Na cantiga de amor, a palabra clave é o termo **senhor**, que adoita aparecer ao comezo.

Espazo

A cantiga de amigo presenta unha **maior variedade de espazos** nos que a natureza adquire unha grande importancia. Maior simbolismo. Natureza como **locus amoenus**.

A cantiga de amor presenta un **espazo impreciso** e pouco simbólico.

Temática


A cantiga de amigo presenta como tema principal o **amor**, e este pode ser correspondido ou non.

A cantiga de amor presenta como tema principal o **amor**, e este é non correspondido.

Figura da muller

Na cantiga de amigo, a amiga é unha **muller de clase social baixa** que amosa os seus diferentes estados anímicos (ledicia, enfado, angustia...)

Na cantiga de amor, a **muller pertence á aristocracia** e ten unha actitude distante ante o amor do cabaleiro.



CANTIGA DE AMIGO

E

CANTIGA DE AMOR

PRINCIPAIS DIFERENZAS

Personaxes

Na cantiga de amigo, os personaxes principais son a **namorada**, o **amigo**, a **nai**, a **irmá** e as **confidentes**.
Ampla variedade.

Na cantiga de amor, os personaxes principais son o **namorado**, a **senhor** e poden aparecer os **miscradores**.

Tópicos/símbolos

Na cantiga de amigo, os **símbolos** están vinculados á natureza: auga, fonte, río, cervo, vento, levar cabelos/camisas...

Na cantiga de amor, os **símbolos** están vinculados directamente co sentimental: coita de amor, louvanza da dama, declaración de amor, reserva da dama...

Orixes

As cantigas de amigo recollen a **tradición literaria autóctona**.

As cantigas de amor recollen a **tradición literaria provenzal** porque toman como modelo a cançó.

Recursos formais

Nas cantigas de amigo, os recursos formais máis utilizados son o **paralelismo**, o **leixaprén** e o **refrán**.

Nas cantigas de amor, os recursos formais máis utilizados son o **refrán**, a **fiinda**, o **dobre** e o **mordobre**.

Tipoloxía

As cantigas de amigo poden ser **dialogadas**, **monologadas** ou **narrativas**.

Nas cantigas de amor **non se adoita producir diálogo entre os namorados**. O poeta conta as súas penas sen dirixirse a un destinatario explícito.